

Novembro 2010

25 de novembro

Día internacional contra a violencia de xénero

O Día 25 de novembro foi declarado "Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller" pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999.

A data fora escollida no I^a encontro feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá no ano 1981 en recordo das tres irmás Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), coñecidas como "Las mariposas", que foron brutalmente asasinadas na República Dominicana polo seu activismo político contra do dictador Trujillo.

A CIG-Ensino fai un chamamento ao profesorado para que esta data non pase desapercibida e se programen actividades que insten a reflexionar sobre unha das lacras máis execrables da sociedade actual.

Cómpre lembrar que segundo as Nacións Unidas a violencia contra a muller é "todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posíbel ou real un dano físico, sexual, psicolóxico, incluídas as ameazas, a coerción ou a prohibición arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou privada"

Como se recolle na súa declaración, a violencia contra a muller constitúe unha manifestación de

25 de novembro Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres



Dez pasos para facermos fronte á violencia sexista

- 1 Denunciar todo tipo de discriminación contra as mulleres
- 2 Dar a coñecer os dereitos laborais e sociais das vítimas da violencia machista
- 3 Garantir a aplicación de plans de igualdade e protocolos de acoso efectivos nos lugares de traballo
- 4 Garantir unha rede pública de servizos sociais integrais
- 5 Implantación dun modelo coeducativo en todas as etapas
- 6 Garantir o dereito á sexualidade, e a interromper o embarazo na rede pública de saúde
- 7 Impulso da coresponsabilidade nas tarefas do coidado e no fogar e garantir a conciliación
- 8 Recoñecer e garantir os dereitos das mulleres inmigrantes
- 9 Visualización da problemática específica en materia de saúde laboral das mulleres
- 10 Integrar a exigencia da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na negociación colectiva



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com



Secretaría da muller

relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller, que conduciron á dominación desta e a discriminación na súa contra por parte do home. A violencia, ademais, xeralizouse e transcende as diferencias de ingresos, clases sociais e culturas e debe contrarrestarse con medidas urxentes e eficaces para eliminar a súa incidencia”.

Para vergoña de toda a sociedade, no mundo actual hai millóns de mulleres que sofren violencia, morte ou agresións sexuais e psicolóxicas simplemente por seren mulleres. A súa incidencia acada proporcións de epidemia e xa no 2002 o Consello de Europa adoptara unha recomendación na que declaraba a violencia de xénero como unha emerxencia de saúde pública ao ser a causa maior de morte e discapacidade de mulleres entre 16 e 44 anos.

A CIG- Ensino, consciente de que a educación é o primeiro paso para erradicar este tipo de violencia, recorda ao profesorado que para a educación en valores, debemos estar alerta perante comportamentos sexistas no noso centro de ensino tanto a nivel piramidal coma entre iguais, empregar linguaxe non sexista, facer visible a muller nos contidos curriculares, non caer en esterotipos de xénero, e de distribución de roles, e en definitiva, non perpetuar unha visión androcén-



trica do universo.

Na CIG- Ensino sabemos que a coeducación é o único instrumento educativo que posuímos para garantir a igualdade entre os sexos e significa que o alumnado adquira un conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes, valores e disposicións que os axuden a non asumir roles determinados pola ideoloxía, normas e estereotipos sexuais. Isto implica á organización, metodoloxía, actuacións das persoas, nais, pais, editores, medios de comunicación, etc.

A CIG-Ensino na súa traxectoria sindical, vén loitando por un ensino comprometido coa igualdade entre sexos por iso, amais de numerosas accións e mobilizacións, **presentou recurso contencioso administrativo contra a Consellería por infrinxir a lei ao financiar o ensino que se-**

grega o alumnado por razóns de sexo. Porque amais de ilegal, é un obstáculo para avanzar cara a igualdade e conseguintemente, cumprir os obxectivos de desterrar a violencia de xénero.

Desde aquí convidamos ao profesorado a coñecer o extracto do programa sindical da CIG-Ensino, aprobado no seu V Congreso no que se recolle a proposta para unha educación non sexista. Consúltao na nosa web.

Na nosa web, www.cig-ensino.com, poderase atopar dous enlaces relacionados con esta temática. O enlace MULLER levaranos a novas relacionadas co traballo da CIG neste campo (convocatorias, concentracións, artigos, axudas...). No enlace RECURSOS encontraremos material didáctico clasificado (25 de novembro, 8 de marzo, etc) que poderá resultar de utilidade para o traballo na aula.

Por outra banda, como material impreso ofrecemos as “recomendacións para o uso dunha linguaxe non sexista” e “.8 de marzo. e libre o meu pensamento ferramentas para a docencia”.

Acompañamos este CIG- Informa co díptico elaborado pola secretaria da muller da confederación: “Dez pasos para facermos fronte á violencia sexista”.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com